

A fraseodidáctica nos materiais para o ensino do alemán como lingua estranxeira

Phraseodidactics in teaching materials of German as a foreign language

Carola Strohschen
Universidad de Murcia
carola@um.es

Resumo: Moitas contribucións teóricas e prácticas sinalan a necesidade dunha maior presenza e sistematización didáctica da fraseoloxía no marco do ensino de idiomas. Tendo en conta, ademais, a actual tendencia á homoxeneización dos criterios de aprendizaxe de idiomas a nivel europeo, propónse investigar ata que punto estas tendencias e recomendacións se ven reflectidas nos actuais materiais didácticos. Para isto analízanse tres manuais de ampla difusión de alemán como lingua estranxeira para adultos do nivel B1. O corpus de fraseoloxismos extraídos serviu para comparar tanto a cantidade de fraseoloxismos presentes en cada manual como as coincidencias entre estes. Finalmente, contrástanse os datos obtidos co óptimo fraseolóxico, unha recente proposta didáctica sobre a introdución de fraseoloxismos para diferentes niveis de aprendizaxe. Cos resultados obtidos espérase non só fomentar a presenza e o tratamento da fraseoloxía nos manuais de idiomas no futuro senón tamén contribuir ao establecemento de criterios para a selección e secuenciación de material de referencia para fins didácticos.

Palabras clave: fraseodidáctica, libros de texto, aprendizaxe de idiomas, óptimo fraseolóxico, MCERL.

Abstract: Theoretical and practical researches point to the need for greater presence and systematic teaching methodologies of phraseology in the language teaching context. Taking into account, besides, the current trend towards the standardization of language learning criteria at a European level, the aim is to explore to what extent these trends and recommendations are reflected in current materials. In that purpose, three widely used text books of German as a foreign language for adults of B1 level have been analyzed. The extracted corpus of idioms helped to compare both the amount of idioms present in each book and the co-occurrences between them. Finally, the data obtained were compared to the optimal phraseology, a recent proposal on introducing teaching idioms into different learning levels. With these results, the hope is not only to promote the presence and treatment

Data de recepción 8.4.2013. Data de aceptación 3.6.2013.

of phraseology in the language learning handbooks but also to contribute to the establishment of criteria for the selection and sequencing of reference material for teaching purposes.

Keywords: Phraseodidactic, text books, language learning, phraseologisches optimum, CEFRL.

1. Introducción

Os estudos e contribucións fraseolóxicas dos últimos anos demostran –tanto pola súa cantidade como pola súa variedade– que esta disciplina progresa, influíndo noutros campos lingüísticos como a lexicografía, a estilística, a sociolingüística e non en menor medida no ensino de idiomas. Investigadores tan coñecidos como Fleischer (1997) e Burger et. al (2007) destacaron a importancia das UUFF tanto dentro da lingua como sistema, coma no seu uso. Kühn (1987, 1992, 1993, 2007) considérase hoxe en día o precursor da fraseodidáctica. Lüger (1997, 2001 con Lorenz-Bourjot 2004), Ettinger (1992, 1998, 2001, 2007, 2008, 2012, 2013) e González Rey (2004, 2006, 2007) retomaron as súas ideas e contribuíron ao desenvolvemento desta nova disciplina. Ettinger (2007: 894) defínea como “Der Teilbereich der Phraseologie, der sich mit der systematischen Vermittlung von Phrasemen im mutter- und fremdsprachlichen Unterricht befasst [...]”.¹ Dende entón múltiples investigadores coma Bergerová (2011), Ješensek (2006) ou Hallsteindóttir (2006) contribuíron cos seus estudos ao desenvolvemento desta nova disciplina facendo eco da necesidade inminente de renovación e adaptación metodolóxica da didáctica da fraseoloxía. As investigacións en fraseoloxía poden achegar datos e informacións necesarios para estudos aplicados e relacionados co ensino, como poden ser dicionarios, córpora, materiais didácticos e estudos, verbo do grao de familiaridade, de uso ou de frecuencia. Todos estes datos son extraordinariamente relevantes á hora de elaborarmos materiais e manuais para o ensino de idiomas estranxeiros.

Estudos do tratamento das UUFF nos materiais e manuais de DaF² indican unha tendencia pouco satisfactoria verbo da presenza e tratamento dos fraseoloxismos (Jesenšek: 2006), destacando o pouco que se teñen en conta as propostas e recomendacións dos fraseodidactas. Os obxectivos que establece o Marco Común Europeo de Referencia (MCERL) fan necesario un consenso en canto á progresión, sistematización e planificación didáctica en cuestións de fraseoloxía. Aínda que máis adiante veremos que a competencia fraseolóxica esixida neste documento non se menciona ata chegar ao nivel B2, parece de sentido común afirmar que debe de haber tratamento de fraseoloxismos en niveis anteriores para chegar á competencia requirida. Por isto, neste estudo centrarémonos en tres manuais de alemán do nivel B1 para analizarmos en que medida nestes niveis se pode falar dunha sistematización e progresión.

¹ “A parte da fraseoloxía que se ocupa da mediación sistemática de frasemas no ensino de idiomas, sexan maternos ou estranxeiros”.

² Abreviatura para *Deutsch als Fremdsprache* (“alemán como lingua estranxeira”). Igual que ELE (“español como lingua extranxera”) é o termo xeralmente utilizado polos profesionais e usuarios.

2. Fundamentos teóricos

2.1. Cuestións terminolóxicas

Dada a natureza tan diversa das UUFF, cómpre delimitar e definir qué tipo de unidades constitúe o noso corpus. Enfrontámonos aquí a un problema habitual no ámbito da fraseoloxía: o da variedade terminolóxica debida ás diferentes escolas neste campo de estudo, como a soviética, a eslava, a alemá, ou a dos estudos anglo-norteamericanos. Para a designación deste tipo de elementos no ámbito xermano atopámonos, por exemplo, cos termos *Phraseologismus* ou *phraseologische Einheit* (UF), aínda que non se puideron asentar como termos máis usados. Donalies sinala: “Zwei kompakte, handliche, auch international gebräuchliche Termini haben sich in der deutschen Phraseologie durchgesetzt: Phrasem und Idiom.”³ (Donalies 2009: 31) Ettinger (2013: 15) e Jazbek & Enčeva (2011: 155) apuntan que este uso se debe probablemente á analoxía cos termos internacionalmente recoñecidos como *fonema*, *morfema* e *lexema*. No ámbito hispanofalante atopámonos igualmente con distintos termos como p.ex. *frase hecha*, *modismo*, *fraseologismo*, *frasema*, *expresión fija*, *unidades pluriverbales*, etc. Aínda así, influenciados pola escola alemá, o termo comunmente aceptado hoxe en día pola maioría dos investigadores é xustamente o de *unidade fraseolóxica* (Mena Martínez 2002: 11). Pola nosa parte, e tendo en conta a natureza didáctica do noso estudo, non pretendemos adentrarnos demasiado en cuestións terminolóxicas; chega con dicir que o termo *unidade fraseolóxica*, que de agora en diante mencionaremos como UF, é o que escollemos para referírmonos ao noso obxecto de estudo.

2.2. Clasificación das UUFF

Máis importante cá cuestión terminolóxica resulta a delimitación e definición das unidades obxecto de análise. Aínda que aquí, por cuestións de espazo, tampouco podemos pasar revista a todas as clasificacións existentes e teremos que nos limitar a centrármolos nas características que son de interese para o noso estudo, non se poden deixar de mencionar algunhas das clasificacións máis relevantes dos diferentes idiomas, como por exemplo a de Zuluaga (1980) para o español, as de Corpas Pastor (1995, 1996) para o inglés e o español respectivamente, a de Burger (1998) para o alemán, e a de González Rey (2007) para o francés, sendo esta última especialmente interesante para o noso estudo pola relevancia didáctica da súa clasificación en tres grandes grupos e dous niveis de competencia lingüística. Xeralmente as definicións das UUFF teñen en conta o nivel morfolóxico, sintáctico, semántico, pragmático e situacional. Os principais criterios destacados na literatura para a definición das UUFF, maiormente nos estudos máis recentes, son a polilexicalidade, a fixación e a idiomaticidade; e a importancia atribuída a cada unha destas características depende das distintas correntes ou escolas.

³ “Impuxéronse na fraseoloxía alemá dous termos compactos, manexables e de uso internacional: *frasema* e *UF*”.

2.2.1. A polilexicalidade

Falando da polilexicalidade, tamén chamada pluriverbalidade, unha UF caracterízase pola combinación fixa de dúas ou máis palabras. Este criterio pertence ao nivel morfolóxico, e aínda que a primeira vista parece o menos problemático para delimitar as UUFF das combinacións libres, preséntanse dous problemas: por unha banda, o da definición e identificación da palabra⁴; e, por outra, o límite máximo de palabras. Para Burger (2007), o límite máximo constitúe o enunciado. Para o noso estudo adoptaremos esta postura de Burger en canto ao límite máximo, pero consideramos relevante que as unidades conteñan polo menos unha palabra das denominadas *Autosemantika*, é dicir, un verbo, substantivo, adxectivo ou adverbio.

2.2.2. A fixación

Falando do criterio da fixación, este pertence tanto ao nivel sintáctico como ao léxico e semántico. A nivel sintáctico referímonos ás UUFF como estruturas sintácticas relativamente estables dependendo da estrutura interna da unidade, polo que non todas as UUFF teñen o mesmo nivel de fixación. Nos fraseoloxismos que constitúen unha frase completa, loxicamente, a fixación sería absoluta, mentres que nas UUFF que só constitúen un sintagma, a fixación dependerá da estrutura gramatical da frase na que se insiran. A nivel léxico, o grao de fixación indícanos a dificultade de substituír palabras por outras sen cambiar o sentido da unidade. Esta característica, igual cá polilexicalidade, vese relativizada polo feito de que existan modificacións e variantes, “...so dass heute von einer relativen Festigkeit ausgegangen wird.”⁵ (Kühn 2007). De feito, neste senso a nosa definición das UUFF adopta unha postura relativamente flexible, xa que consideramos que as modificacións e variantes tamén se deben de incluír no noso estudo, sempre que o fraseoloxismo orixinal subxacente resulte transparente ou polo menos recoñecible para podermos explotalo didacticamente⁶.

2.2.3. A idiomaticidade

Mentres que a fixación é o trazo esencial das UUFF para os investigadores da escola soviética e alemá, para os norteamericanos ese trazo é a idiomaticidade. O problema ao que nos enfrontamos analizando esta característica é de distinta natureza. Por unha banda, volvemos a atoparnos cunha situación de desacordo en canto á aplicación e definición dos distintos termos relacionados, por exemplo *idiom*, *idiomatics* ou *idiomatisch/idiomatique/idiomático*. Sendo todos estes termos internacionalmente recoñecidos, non se aplican aos mesmos conceptos lingüísticos. Resulta imposible por motivos de espazo describir de maneira detallada os diferentes significados e acepcións destes termos. Hai numerosos

⁴ Na investigación xermana distínguense os chamados *Autosemantika* (palabras de contido semántico propio) dos *Synsemantika* (palabras que carecen de contido semántico de forma independente e que se caracterizan pola súa función gramatical). Tamén se chaman *Funktionswörter* (Donalies 2009: 8). Zuluaga, un dos precursores da fraseoloxía española, distingue mesmo 3 clases de palabras: *lexemas*, *categoremas* e *instrumentos gramaticais*. Como trazo definitorio da palabra sinala a autonomía (Zuluaga 1980: 17).

⁵ “...polo que hoxe en día baseáse nunha fixación relativa”.

⁶ As modificacións e variantes son especialmente interesantes para chamar a atención sobre o fenómeno da fraseoloxía, espertar o interese do estudante e incluír exercicios didacticamente creativos.

traballos nos que se dan descrições máis ou menos exhaustivas sobre este tema (cf. Roos 2001, Mena Martínez 2002, Corpas Pastor 1998). Por outra banda, por moi diferentes e variadas que sexan estas definicións, atopámonos, segundo Roos, con catro acecións básicas do termo *idiom*.

Der Terminus Idiom dient in der Linguistik in erster Linie zur Bezeichnung

1. *sprachspezifischer Erscheinungen,*
2. *sprachlicher Irregularitäten,*
3. *komplexer lexikalischer Einheiten, deren Bedeutung sich nicht aus den konstituierenden Teilen ergibt*
4. *einer Subklasse phraseologischer Verbindungen* (Roos 2001: 3)⁷

Das mencionadas acepcións da idiomaticidade é sen dúbida a terceira a que máis dificultades e controversia suscita en cuestións didácticas, xa que implica unha transformación semántica da cadea lexemática subxacente á UF (Mellado Blanco 2004: 41). Como sinal da fixación semántica, o grao desta transformación indica a relación entre o significado de cada compoñente e o significado total da frase. De aí que se recorra a esta definición tan coñecida á hora de explicarlles aos estudantes o que significa a idiomaticidade: que o significado fraseolóxico non coincide co significado total da suma dos compoñentes do fraseoloxismo (Burger 1973). Polo tanto, a idiomaticidade fai referencia á non composicionalidade do significado, o que dificulta para o estudante de idiomas, en concreto de alemán, a comprensión de expresións como *jemandem (nicht) das Wasser reichen können*⁸ ou *jemandem auf den Wecker gehen*.⁹ Sen un contexto moitas veces é imposible extraer o significado. Mesmo ás veces o contexto tampouco axuda, co que a única estratexia posible é a da busca nun dicionario. Con todo, o problema destas unidades non radica só na súa comprensión senón tamén na súa identificación. Non sempre o significado é figurado a primeira vista. Dun exemplo ben coñecido, o de *jemandem den Kopf waschen*¹⁰, serviuse o gran mestre de xogos de palabras e fraseoloxismos, Erich Kästner, na súa novela xuvenil *Emil und die Detektive*, cando describe a escena na que a nai de Emil, perruqueira de profesión, se despidе do seu fillo e mal ten tempo de chorar a súa partida, xa que “*zu Hause wartete schon Frau Fleischmeister Augustin und wollte gründlich den Kopf gewaschen haben.*”¹¹ (Kästner 1994: 33). Evidentemente, un nativo non ten ningún problema en recoñecer a UF neste xogo de palabras. Para o non nativo, pola contra, será complicado identificar este fraseoloxismo se non o coñece xa, posto

⁷ “En lingüística, o termo UF serve principalmente para denominar: 1) fenómenos lingüísticos específicos; 2) irregularidades lingüísticas; 3) unidades léxicas complexas cun significado non deductible dos seus compoñentes; 4) unha subclase de relación fraseolóxica”.

⁸ Tradución literal: *(non) bastarlle* [a alguén] a *auga*. Equivalente galego: *(non) dar a talla*; *(non) chegarlle aos calcañares* [a alguén].

⁹ Tradución literal: *irlle* [a alguén] ao *despertador*. Significado: “molestar”. Equivalente galego: *dar a lata*; *marear*.

¹⁰ Tradución literal: *lavarle a alguen la cabeza*. Significado: “reprender a alguén fortemente”. Un equivalente semántico podería ser en español *leerle a alguien la cartilla*; en galego para este concepto a cabeza aparece en *darlle unha carda* [a alguén]; *quentarlle as orellas* [a alguén].

¹¹ “Na casa estábaa esperando xa a señora de Augustin, muller do carnicero, que quería que lle quentasen as orellas a conciencia”.

que nin o contexto nin a propia estrutura indican que aquí se poida tratar dunha UF. Cremos que resulta evidente a importancia de aprender este tipo de UUFF de carácter idiomático para ampliar a competencia pasiva do idioma e con isto a competencia lectora.

Falando da adquisición desta competencia, o exemplo que acabamos de mencionar demostra que o problema principal que constitúen as UUFF para o non nativo non é só a súa comprensión, senón en primeiro lugar a súa identificación. Esta dificultade depende, por un lado, do grao de irregularidade sintáctica e/ou semántica que presenta a expresión e, por outro, do seu grao de idiomaticidade xa que, como xa dixemos verbo da fixación, tamén a idiomaticidade pode presentar distintos graos dependendo de se afecta só a unha parte do grupo de palabras ou á expresión enteira. Deste xeito, distínguese na investigación actual entre varios niveis de idiomaticidade: a total, a parcial e, mesmo, a ausencia desta, ratificándose así o punto (4) de Roos segundo o que a idiomaticidade sería unha subclase fraseolóxica; e afirmase a actual tendencia de que “la idiomaticidad representa en la actualidad un criterio adicional que caracteriza tan solo a un grupo fraseolóxico.” (Mellado Blanco 2004: 20). A partir destas divisións, algúns autores distinguen entre centro e periferia do campo fraseolóxico.

Aínda así, existen moitas UUFF que poden ter dous significados: un fraseolóxico, idiomático, e outro literal, como é o caso do noso exemplo. Atopámonos cunha UF cunha estrutura sintacticamente regular que en cambio representa un nivel de idiomaticidade alto, é dicir, total, xa que, como dixemos antes, o significado fraseolóxico non cadra co da suma dos seus constituíntes. Pero ademais da transformación semántica, hai outros dous parámetros que serven para a clasificación semántica e que adoitan relacionarse co grao de idiomaticidade; son a transparencia e a opacidade. Os dous criterios indican parámetros para un mesmo fenómeno e definen a relación que se pode establecer ou deducir entre o significado fraseolóxico dunha expresión e o do seu compoñente principal. Se comparamos o noso exemplo de Kästner, *jemandem den Kopf waschen*, con outro somatismo, por exemplo *jemandem etwas auf die Nase binden*¹², non resulta doado establecer cal dos dous representa máis transparencia ou opacidade, sobre todo porque moitas veces depende do propio usuario, dos seus coñecementos lingüísticos e cognitivos, se é quen de deducir a motivación existente ou non entre o significado fraseolóxico e o literal. Xusto no caso dos somatismos atopámonos frecuentemente cunha metáfora ou unha metonimia subxacente que nos axuda á hora de entender o significado da UF. Pola contra, se este non é o caso ou se no noso idioma non existe a mesma imaxe, a UF pode resultar totalmente opaca. Por este motivo, *jemandem den Kopf waschen* consideraría-se transparente, mentres que *jemandem etwas auf die Nase binden* sería opaco.

Ao revés do que podería parecer, non só poden causar problemas de comprensión aqueles fraseoloxismos cun alto grao de idiomaticidade, senón tamén os parcialmente idiomáticos ou mesmo aqueles que case se poderían confundir con colocacións, como *Spaß machen*¹³

¹² Tradución literal: *fixar* [a alguén] [algo] *no nariz*. Significado: “contarlle a alguén un segredo”.

¹³ “Bromear, ser divertido”.

ou *Leid tun*¹⁴. Aquí non se trata tanto de descifrar o significado en si da UF, senón máis ben do valor engadido que se atopa en marcadores máis difíciles de distinguir, como a situación, o rexistro do uso ou o nivel. Coma no caso das unidades idiomáticas, consideramos que só o contacto permanente con este tipo de unidades pode mellorar tanto a competencia fraseolóxica activa coma a pasiva, motivo polo que os incluimos no noso estudo.

2.3. A fraseodidáctica

Como xa dixemos, o noso estudo enmárcase dentro da didáctica do ensino de idiomas e máis concretamente dentro da fraseodidáctica. Esta disciplina relativamente nova comezou a súa traxectoria como disciplina propia dentro da fraseoloxía dende os anos 90 cando autores como Kühn, Ettinger, Lüger e González Rey afirmaron que a fraseoloxía ten que ser obxecto de estudo dentro do ensino de idiomas. Dende entón non todos os investigadores estiveron de acordo con aquel postulado de que a fraseoloxía se pode e se debe ensinar; discrepancia que non contribuíu precisamente a que se poida establecer un acordo en canto á necesidade fraseolóxica no ensino de idiomas. Foi Kühn o que estableceu as bases desta disciplina co seu chamado *phraseologischer Dreischritt* (“tres pasos fraseolóxicos”) que segue vixente 30 anos despois e que, por ser amplamente coñecido no ámbito da fraseodidáctica, non fai falla expoñer aquí. Lüger, Ettinger e Hessky son só algúns nomes dos investigadores que máis contribuíron cos seus estudos a que esta disciplina poida atopar o seu espazo como campo de investigación autónomo. Hoxe en día a fraseodidáctica abarca ámbitos de diversa índole, como poden ser a creación de dicionarios e fontes fraseolóxicas para fins didácticos, a creación de córpora, estudos de frecuencia, creación e sistematización de materiais e, recentemente e co impulso das TIC (Tecnoloxías da información e da comunicación) e a súa utilización no ensino, a creación de dicionarios, fontes, córpora e materiais didácticos dixitalizados para o seu uso online ou en plataformas virtuais. Sirvan de referencia as páxinas de Stefan Ettinger¹⁵, Hana Bergerová¹⁶ e a plataforma multilingüe baixo a coordinación de Vida Jesenšek¹⁷. No eido hispánico non podemos esquecer o *Refranero Multilingüe*¹⁸ do Instituto Cervantes.

3. Obxectivos

Como sinalamos antes, coa implantación do MCERL como documento de referencia para o ensino de idiomas produciuse un cambio de paradigma verbo dunha tendencia á homoxeneización e nivelación a nivel europeo e dunha orientación á capacidade comunicativa. Co noso estudo pretendemos descubrir ata qué punto se tivo ou se ten en conta esta nova tendencia respecto á fraseoloxía nos manuais de DaF do nivel B1.

¹⁴ “Sentir [alguén] [algo], dar pena [algo] [a alguén]”.

¹⁵ [<http://www.ettinger-phraseologie.de/>] Esta páxina de Internet corresponde á versión ampliada do libro esgotado *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene* de Hessky e Ettinger.

¹⁶ [<http://frazeeologie.ujepurkyne.com/>] Trátase dunha plataforma para a aprendizaxe e a práctica de UUFF dirixida a estudantes checos.

¹⁷ [<http://www.sprichwort-plattform.org/>] Un ambicioso proxecto multilingüe que se presenta en forma de banco de datos de paremias en 5 idiomas (alemán-checho-esloveno-eslovaco-húngaro) e que ofrece ademais exercicios interactivos.

¹⁸ [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>].

Como amentamos antes, consideramos importante que haxa presenza fraseolóxica nos manuais de maneira explícita e a partir de niveis inferiores ao B2 para poder garantir unha progresión no proceso de aprendizaxe cara a un nivel competente de idioma. Polo tanto, o noso principal obxectivo será o de chegar a saber en qué medida se teñen en conta nos manuais as propostas e esixencias dos fraseodidactas. En concreto, as cuestións ás que nos propoñemos responder son:

1. ¿Que cantidade de UUFF se pode atopar nos manuais escollidos e cales?
2. ¿Hai unha liña común entre os manuais en canto á cantidade e selección ou hai diverxencias?
3. ¿Ata qué punto se corresponden as UUFF que se atoparon coas da lista que propón Hallsteindóttir?
4. ¿Reciben as UUFF tratamento didáctico e, en caso afirmativo, cal?
5. Por último, ¿hai una liña didáctica común nos manuais?

4. Metodoloxía

4.1. O material analizado: os manuais de DaF e os seus compoñentes

O material escollido para o noso estudo está formado polos manuais *Berliner Platz 3* da editorial Langenscheidt, *Passwort Deutsch 5* da editorial Klett, e *Studio d* da editorial Cornelsen; manuais que conducen ao nivel B1 do MCERL. O motivo polo que se escolleron estes materiais radica en que, por unha banda, os tres manuais teñen unha ampla difusión tanto no ámbito universitario como noutras institucións de ensino, como Escolas Oficiais de Idiomas ou academias privadas. En concreto, a autora deste artigo tivo e ten a ocasión de traballar na clase con cada un deles, o que lle facilita coñecerlos con detalle. Actualmente estanse utilizando os niveis 1, 2 e 3 en todas as materias de alemán da Universidade de Murcia.¹⁹

A pesar de que exista unha ampla oferta de manuais de diferentes editoriais para os distintos niveis e grupos de destinatarios, consideramos que pola difusión dos manuais analizados pode falarse dunha selección representativa de manuais de nivel B1 dirixidos a destinatarios adultos. Canto á selección de editoriais, as responsables dos manuais analizados constitúen, xunto con Hueber²⁰, as casas alemás con maior volume de venda no ámbito do ensino do alemán como lingua estranxeira.

Dende a implantación do marco común europeo de referencia, as grandes editoriais de ensino de idiomas tiveron que adaptar os seus manuais para se axustaren ás novas directrices establecidas no tocante a contidos, programacións, progresión, nivel e enfoque didáctico. Desta maneira, atopámonos cunha serie de manuais moi similares a primeira

¹⁹ Ata o curso 2011/2012 utilizouse nas materias de alemán da Licenciatura de Filoloxía Inglesa da UMU o manual *Passwort Deutsch*. A partir de 2009, coa implantación dos Novos Graos, empezouse a utilizar *Studio d* nas correspondentes materias.

²⁰ Os manuais *Delfin* e, posteriormente, *Lagune* da editorial mencionada utilizáronse, igual ca no caso de *Passwort Deutsch*, nas materias de alemán da Titulación de Licenciatura de Tradución e Interpretación da UMU. Nas correspondentes materias de grao, implantado en 2009, estase a utilizar *Studio d*. Por cuestións de espazo non puidemos incluír os dous manuais de Hueber.

vista, xa que presentan uns contidos semánticos, gramaticais e léxicos practicamente idénticos. Aínda así, hai algunhas diferenzas estruturais e formais que afectan tanto ao número de volumes de cada método como ao número de capítulos de cada volume. Tanto *Berliner Platz* coma *Studio d* ofrecen a posibilidade de acadar o nivel B2, mentres que *Passwort Deutsch* só leva ata o nivel B1. Por outra banda, os dous primeiros métodos dividen o volume B1 en 10 capítulos, mentres que *Passwort* só consta de 6 leccións.

Obsérvase outra diferenza na estruturación das dúas partes que adoitan levar hoxe en día case todos os manuais modernos. Estes adoitan optar por un formato compacto, é dicir, un volume que contén tanto o libro do alumno coma o libro de exercicios. O mesmo acontece nos manuais que escollemos para analizar (cosa que nos facilitou o traballo) xa que tanto o manual coma o libro de exercicios forman parte do corpus. A diferenza entre os tres manuais neste aspecto está na estrutura: mentres que *Passwort* e *Berliner Platz* levan a parte do libro de exercicios ao final do volume, en *Studio d* cada capítulo vai seguido da correspondente parte do libro de exercicios; isto facilitou a nosa análise, xa que algunhas UUFF repítense na parte dos exercicios.

A última diferenza entre os materiais ten que ver cos textos de audio que acompañan o manual. Como estes textos tamén forman parte da análise, destaca que no caso de *Berliner Platz* e *Studio d* houbera dous CDs, pero no caso de *Passwort* só un. Tanto polo número reducido dos capítulos como pola extensión dos textos de audio, debiamos supoñer que isto influíse tamén na cantidade de UUFF do volume. Por outra parte, cómpre mencionar que o volume 5 do método *Passwort* concíbese como versión de preparación ao exame *Zertifikat Deutsch B1* e, polo tanto, non ten exactamente o mesmo enfoque que teñen os outros manuais. A elección deste volume para a nosa análise xustifícase pola intención de escoller o último dentro do nivel B1 de cada un dos métodos en cuestión. No caso de *Passwort Deutsch*, ademais, o volume 4 abrangue non só o nivel B1, senón tamén o nivel A2, co que non se axustaba aos nosos propósitos.

4.2. A elección do nivel de idioma

Aínda que, como xa mencionamos máis arriba, a fraseodidáctica está experimentando un auxe como disciplina científica dentro da lingüística, segue arrastrando a herdanza dos anos 80/90 nos que predominaba a opinión de que a fraseoloxía era un campo difícil de integrar no eido didáctico e que pola súa natureza os fraseoloxismos non debían tratarse antes de ter un nivel sólido do idioma en cuestión. Concretamente, no MCERL faise referencia explícita á capacidade fraseolóxica do estudante de idiomas a partir do nivel C1, concretamente na descrición do coñecemento de vocabulario. Na táboa correspondente á riqueza do vocabulario (MCERL: 109) establécese para o nivel C1 un “buen dominio de expresiones idiomáticas” e para o nivel C2 un “buen dominio de un repertorio léxico muy amplio, que incluye expresiones idiomáticas y coloquiales” mentres que nos niveis B1 e B2 só se fai referencia ao vocabulario en xeral sen especificar competencia fraseolóxica. No caso do B2 utilízase o termo “amplio” mentres que no B1 se fala de “suficiente”.

Na descrición da adecuación sociolingüística (MCERL: 119) reaparecen estes mesmos descritores. Con todo, analizando os descritores correspondentes dos niveis B1 e B2

atopámonos con algunhas expresións que indican que o usuario xa ten que adquirir uns coñecementos suficientes como para distinguir rexistros e situacións e adaptarse axeitadamente a estes sabendo “llevar a cabo una gran diversidad de funciones lingüísticas” no caso do B1, e expresándose “apropiadamente en situaciones diversas” evitando “errores importantes de formulación”. Aínda que non se fai referencia específica ao nivel de coñecemento fraseolóxico do usuario destes niveis, os descritores parecen indicar a necesidade dun certo nivel de coñecemento, polo menos pasivo, de expresións fraseolóxicas mesmo de tipo idiomático ou parcialmente idiomático. Saber expresarse evitando “errores importantes de formulación” implica a capacidade de recoñecer fraseoloxismos e evitar o seu uso ou modificación.

Canto á fluidez oral, o usuario do nivel B1 ha de expresarse con “relativa facilidad” mentres que no nivel B2 xa saberá comunicarse “espontaneamente, a menudo mostrando una fluidez y una facilidad de expresión notables [...]” (MCERL: 126).

Varios investigadores, como por exemplo Fleischer (1997) e Lüger (1997), afirmaron xa a imprescindibilidade dunha capacidade mínima fraseolóxica para o establecemento dunha comunicación mesmo limitada. Para Lüger, as UUFF forman parte da realidade léxica dun idioma e encóntranse tanto na lingua falada como escrita en todos os seus niveis. Se aplicamos estas afirmacións ao ensino de idiomas, debería reflectirse a integración de locucións, expresións e xiros en todos os niveis de ensino seguindo unha adecuación e progresión constantes tanto na cantidade como no nivel de dificultade. Para que un estudante de alemán como lingua estranxeira do nivel C1 adquise, como o esixe o MCERL, un bo dominio de expresións idiomáticas, tivo que ter previamente un contacto constante con este tipo de expresións dende o primeiro momento da súa aprendizaxe a fin de ampliar o seu repertorio progresivamente. E aínda que moitos investigadores (Ettinger 2011) e profesionais do ensino insisten na importancia da adquisición dunha competencia fraseolóxica a través da autoaprendizaxe – polo que habería que deseñar materiais e proxectos didácticos que fomenten este proceso– os fraseoloxismos deben estar tamén presentes nos manuais, pero non só accidentalmente senón tamén aproveitados didacticamente de maneira progresiva. Coa nosa análise dos manuais do nivel B1 pretendemos comprobar se esta progresión se pode apreciar no ámbito do alemán como lingua estranxeira.

4.3. O corpus

Anteriormente xa apuntamos os motivos da elección do nivel do idioma segundo o MCERL así coma dos manuais para o noso estudo e os obxectivos que perseguimos. Neste apartado centrarémonos na descrición do corpus, do procedemento de extracción das UUFF e dos criterios de selección.

En escollendo os manuais, pasamos a decidir qué tipo de unidades nos interesaba incluír na análise e cales iamos descartar. Posto que se trata dun estudo con fins didácticos, preferimos simplificar na medida do posible as cuestións de terminoloxía e de clasificacións exhaustivas xa que, na nosa idea, estas non resultan ser de grande utilidade para os nosos propósitos. Para o estudante ou usuario de idioma do nivel B1 non ten relevancia no proceso de aprendizaxe se unha UF é verbal, nominal ou adxectivo,

se o seu grao de fixación é baixo ou alto ou cal sería o seu termo lingüístico exacto. Pola contra, si ten importancia o seu grao de idiomaticidade, xa que son xustamente as unidades idiomáticas e parcialmente idiomáticas²¹ as que supoñen un maior grao de dificultade á hora de localizalas, descodificalas e entendelas. Fraseoloxismos parcialmente idiomáticos como *in Tränen ausbrechen*, en español “romper a llorar”, ou *den Durst löschen*, en español “calmar la sed”, teñen menor dificultade de comprensión que, por exemplo, *wie vom Donner gerührt sein*²², que ten un grao de idiomaticidade bastante máis alto e un significado que non equivale á suma dos significados dos seus compoñentes. Moitas veces, ademais, a descodificación resulta aínda máis difícil cando non existe unha correspondencia ou equivalencia no idioma de destino, como é o caso aquí falando do español como lingua meta. Como ferramenta inmediata, o estudante –despois de identificar o fraseoloxismo– ten que observar o contexto para captar o significado. Se este procedemento non resulta satisfactorio, terá que botar man de obras de referencia, o que non sempre será un labor doado. Poden presentárselle varios problemas: en primeiro lugar, a elección do tipo de obra de referencia. Aínda non hai un gran repertorio de obras deste tipo, sobre todo para fins didácticos e menos para o alemán como lingua estranxeira. O máis probable é que o usuario non dispoña das que existen como material impreso. Neste caso recorrerá a dicionarios online, ferramentas hoxe en día case imprescindibles no ámbito do ensino e aprendizaxe de idiomas. O problema no eido da fraseoloxía, con todo, é que nos atopamos cunha escaseza considerable canto a este tipo de dicionarios ou fontes²³ en liña.

En segundo lugar, a busca da UF non sempre resulta fácil polo problema da lematización. Se ás veces unha palabra simple pode resultar difícil de atopar nos dicionarios e obras de referencia, un fraseoloxismo aínda o é máis pola súa polilexicalidade, especialmente para o estudante que aínda non domina as variantes léxicas e morfolóxicas do idioma.

Resulta obvio polos motivos mencionados que as unidades idiomáticas requiren especial atención e sobre todo outro tipo de tratamento didáctico cás non idiomáticas ou parcialmente idiomáticas. Por outra banda, unidades cun grao moi baixo ou ningún grao de idiomaticidade como “*einer Frage nachgehen*”²⁴, “*jemanden groß bekommen*”²⁵ ou “*einen schlechten Tag haben*”²⁶ resultan, a primeira vista, máis fáciles de entender. Con todo, a nivel de uso activo mesmo estes esixen un dominio de idioma cunha competencia fraseolóxica establecida, sobre todo polas particularidades de uso dependendo, por exemplo, do destinatario ou da situación, que non só son importantes no caso das

²¹ Burger chámalles *Idiome* ou *Teildidiome*.

²² No *Diccionario de fraseología español-alemán* de Fernández López, que está dispoñible na dirección [<http://www.hispanoteca.eu>], atopamos como expresión equivalente *como si le tocara un rayo* e como equivalente non fraseolóxico *catatónico*, mentres que no dicionario de Pons [<http://es.pons.eu/>] aparece *atónito*.

²³ Ultimamente hai unha toma de conciencia desta situación e isto demostrano diferentes proxectos de creación de fontes, cörpora e dicionarios multilingües online que xa mencionamos máis arriba.

²⁴ “Investigar/analizar unha cuestión en máis profundidade”.

²⁵ “Crecer [u.p.]”.

²⁶ “Ter un mal día”.

locucións idiomáticas. Estamos de acordo coa afirmación de Ettinger (2011) –baseada na “systematische Lernziel-Hierarchie”²⁷ desenvolta por Lüger (1997)– de que para conseguir unha competencia fraseolóxica tanto activa como pasiva cómpre un tratamento didáctico de forma sistemática e progresiva. Consideramos xustificada a inclusión deste tipo de UUFF polo seu grao de dificultade aínda que non teñan un nivel alto de idiomaticidade. Por este mesmo motivo excluímos tanto as unidades pragmáticas ou comunicativas, como son os saúdos, as formas rutineiras, etc. como tamén as colocacións. Á parte de resultaren máis comprensibles e de atopárense facilmente nos dicionarios, forman parte das programacións didácticas dende as primeiras horas de clase e, polo tanto, adoitan incluírse nos manuais dende as primeiras leccións do nivel A1.

Finalmente quedábanos por decidir se iamos adoptar o termo de UF na súa definición ampla, é dicir, incluíndo tamén as paremias, ou se o noso campo de análise o constituirían só aquelas unidades que non constitúen unha frase con valor de enunciado. Optamos por incluímos tamén as paremias por dous motivos: primeiro, porque transmiten significados e valores culturais e favorecen a aprendizaxe doutras formas lingüísticas. Desta maneira, espertan a curiosidade do usuario por contidos culturais e anímalo a se adentrar por si mesmo nun mundo de imaxes e curiosidades. Ao docente, pola súa banda, danlle a posibilidade de deseñar clases cheas de creatividade aproveitando este gran potencial que teñen as paremias.

En segundo lugar e volvendo á importancia dunha progresión constante e un aumento paulatino do nivel de dificultade, é obvio que as paremias non poden formar parte dunha competencia lingüística activa, senón que sempre teñen que ser obxectivo dun repertorio pasivo.²⁸ Aínda así, a súa presenza esporádica en textos escritos é condición indispensable para desenvolver esta competencia.

En resumo, podemos dicir que o noso corpus de UUFF se compón tanto de paremias como de locucións sen valor de enunciado. Principalmente fixámonos nas locucións que teñen como característica a presenza total ou parcial de idiomaticidade. Aínda así, tamén incluimos locucións cun nivel moi baixo de idiomaticidade, cando consideramos que estes poden supoñer un certo grao de dificultade na comprensión ou no seu uso.

4.4. A análise

O procedemento da extracción fíxose manualmente, é dicir, por lectura e sen axuda de ningunha ferramenta informática. Existen ferramentas de recoñecemento de texto, pero resulta complicado empregalas en materiais tan variados graficamente como son os manuais, é dicir, con textos, debuxos, fotos, imaxes mesturadas etc. Ademais, a súa utilidade tampouco sería tanta no noso caso. Para detectarmos un fraseoloxismo de maneira automatizada teríamos que introducir unha cantidade enorme de lemas, co cal non aforrariamos moito tempo. Este procedemento sería de máis utilidade para análises que requirisen a extracción de concordancias, coincidencias ou recontos de frecuencia de

²⁷ “Xerarquía sistemática dos obxectivos da aprendizaxe”.

²⁸ Lüger (citado en Ettinger 2011: 237) observa que o uso deste tipo de fraseoloxismos pode mesmo malinterpretarse como sinal de intento de achegamento forzado á cultura meta.

palabras cun programa de análise de corpus. Como este non foi o noso caso, optamos polo procedemento de lectura. No caso dos textos de audio, escoitamos os textos mentres que os comprobabamos coas transcricións. Os fraseoloxismos detectados tanto nos manuais e libros de exercicios coma nos textos de audio recolléronse nunha táboa de excel para cada un dos métodos, indicando as seguintes informacións:

1. As páxinas nas que aparece, o que indica tamén se a UF aparece unha ou repetidas veces no mesmo método.
2. O tipo de fraseoloxismo ao que pertence.
3. O grao de idiomaticidade, distinguindo entre idiomático ou parcialmente idiomático.
4. O tipo de texto no que aparece.
5. O tipo de destreza.

Unha vez analizada e contrastada a cantidade de UUFF de cada manual, o noso seguinte obxectivo era o de contrastar os resultados da nosa análise cunha ferramenta obxectiva. O MCERL non establece ningunha indicación concreta sobre os fraseoloxismos neste nivel e as indicacións nos dicionarios e obras de referencia non ofrecen información suficiente para os nosos fins. O único instrumento que pola súa natureza didáctica nos pareceu útil como referencia é o proxecto que levaron a cabo os investigadores Hallsteindóttir, Šajánková e Quasthoff establecendo o *Phraseologisches Optimum für Deutsch als Fremdsprache* (“óptimo fraseolóxico para o alemán como lingua estranxeira”). Este baséase nun corpus dunhas 1.112 UUFF extraídas dos dicionarios para DaF que se analizan segundo dous criterios independentes: a familiaridade e a frecuencia dentro do corpus *Deutscher Wortschatz*²⁹ (2006: 1). Dentro deste corpus, os autores establecen varios niveis segundo os criterios mencionados, establecendo un *Kernbereich* (núcleo) ao que pertencerían dous grupos de locucións, chamados AB e CB, o primeiro de 143, pertencentes ao vocabulario base (*Grundwortschatz*) e o segundo de 258, pertencentes a un nivel máis elevado:

Diese sollten im Bereich der Sprachproduktion für gesprochene Texte und im Bereich der Sprachrezeption für geschriebene Texte vermittelt werden. Bsp.: nicht auf den Mund gefallen sein, ein Tropfen auf den heißen Stein sein. (Hallsteindóttir et.al 2006: 8)³⁰

En total o núcleo fraseolóxico tería segundo este estudo unhas 401 UUFF. Como a nosa análise ten como obxecto os manuais do nivel básico B1, limitamos a nosa análise de coincidencia á lista das 143 UUFF do *Grundwortschatz*³¹. Para levalo a cabo servímonos dunha ferramenta informática. Primeiro creamos as tres listas de locucións correspondentes ás unidades que atopamos nos tres manuais. A continuación creamos outra lista coas locucións do óptimo fraseolóxico. Finalmente cruzamos as listas de UUFF dos manuais coa do óptimo xerando ngramas co programa de explotación de corpus

²⁹ [www.wortschatz.uni-leipzig.de]

³⁰ “Estes deberían ensinársese na destreza produtiva de textos orais e na destreza receptiva de textos escritos. P.ex.: *non ter pelos na lingua, ser unha gota no medio do océano*”.

³¹ Vocabulario básico.

Antconc. Desta maneira puidemos descubrir cales son as UUFF da lista do óptimo que se atopan tamén nos manuais analizados.

Finalmente completamos a nosa análise achegando algúns datos de nivel cualitativo. Para podermos analizar o tipo e grao de didactización, tivéronse en conta tamén os seguintes criterios:

1. ¿Aparecen ou non as unidades con exercicios específicos e, en caso afirmativo, de que tipo de exercicios se trata?
2. Canto ao significado das UUFF, ¿formúlanse as seguintes preguntas?: ¿danse explicacións sobre este? Se non é así, ¿axuda o contexto na descodificación do significado?
3. Canto á explicación do significado das UUFF, ¿aparecen ou non imaxes, ilustracións ou fotos relacionadas coas unidades?
4. ¿Recórrese a miúdo á ilustración das UUFF con imaxes ou fotos?³²

Non podemos discutir aquí se este procedemento axuda realmente á descodificación do significado, xa que polo xeral non se visualiza o sentido figurado da UF –que adoita ser abstracto– senón o significado literal. Aínda así, non se pode negar que a introdución de imaxes no proceso de ensino-aprendizaxe sexa unha ferramenta creativa e sobre todo, moi produtiva no tocante ao proceso de memorización destes elementos. Por este motivo, tivémolo en conta na nosa análise. Outros criterios coma o rexistro, o nivel ou a frecuencia, aínda que serían interesantes para un estudo máis exhaustivo en canto á metodoloxía, non se tiveron en conta neste estudo por cuestións de espazo.

5. Os resultados

5.1. Os resultados cuantitativos

A continuación presentaremos primeiro en forma de táboa os resultados cuantitativos obtidos para despois comentar con máis detalle estas informacións e engadir as informacións cualitativas que non incluímos nesta.

Manual	Número de Unidades Fraseolóxicas			Destrezas nas que aparecen		
	Paremias	Locucións	Total	Comprensión lectora	Comprensión auditiva	Exercicios
Studio d	14	57	71	45	20	7
Berliner Platz	16	84	99	87	9	12
Passwort	2	40	42	35	4	6

³² É un procedemento bastante habitual tanto nos manuais de lingua en xeral coma nos dicionarios e libros de aprendizaxe de fraseoloxismos. Un exemplo moi ilustrativo neste sentido é o manual *Das A und O, Deutsche Redewendungen* de Ullmann/Ampié Loria. De feito, entre o material complementario do manual *Passwort Deutsch* encontramos incluso un *Sprichwörterplakat* (“póster de refráns”) didactizado no enderezo de internet [www.passwort-deutsch.de/sprichwoerter]. A editorial Hueber pon a disposición do docente materiais variados en torno a locucións e refráns, que se poden visualizar na seguinte páxina: [http://shop.hueber.es/es/sprache-lernen/wortschatz/plakat-redewendungen.html].

En primeiro lugar, salta á vista a discrepancia entre os tres manuais verbo das cantidades de UUFF que se atoparon en cada un deles. *Berliner Platz* ocupa con case 100 unidades o posto con maior número, mentres que *Passwort Deutsch* queda en menos da metade. A diferenza entre *Studio d* e *Berliner Platz* é de 28 unidades en total pero delas só 2 son paremias. Aínda que o número de unidades en *Passwort Deutsch* é bastante inferior, chama a atención a práctica inexistencia de paremias. As únicas dúas que aparecen son: *Stille Wasser sind tief*³³ e *Weiches Wasser bricht den Stein*³⁴. Mentres que a primeira pertence aos refráns dun nivel de familiaridade alto, a segunda practicamente non se coñece e mal se atopa en dicionarios ou fontes de internet. Mesmo non a encontramos no *Sprichwörter-Lexikon* de Wanders³⁵.

A aparición das unidades nas distintas destrezas dos materiais presenta a mesma tendencia nos tres casos. Hai unha maior aparición na parte da comprensión lectora que vai baixando na parte auditiva e é case irrelevante na parte dos exercicios, especialmente no caso da parte de exercicios de *Passwort Deutsch*.

Mediante a interpretación destes primeiros datos podemos proseguir extraendo os primeiros resultados verbo da contía e metodoloxía utilizadas nos distintos manuais. Polo número total de UUFF que aparecen e/ou se tratan nos manuais debemos supoñer que a aprendizaxe da fraseoloxía xa está labrando o seu terreo dentro do ensino do alemán, pero aínda non se considera un dos principais obxectivos dentro das programacións didácticas de cada unha das editoriais. As cantidades de UUFF extraídas parecen indicar que a toma de conciencia de que hai que integrar estes elementos na aula aínda vai a paso de boi, para dicilo fraseoloxicamente. Aínda que haxa unha considerable diferenza entre o *Passwort Deutsch* e os outros dous manuais en cuestión, tanto nun coma no outro caso diríamos que o número destas unidades é insuficiente, non só por non reflectir en absoluto a realidade lingüística, senón porque nos parece un propósito case irrealizable que un estudante chegue a saber expresarse con “fluidez y una facilidad de expresión notables” nun nivel B2 e menos que teña unha boa competencia idiomática nun nivel C1, se nun nivel B1 se reduce o repertorio deste tipo de unidades a 100 no mellor dos casos. O paso do nivel A2 ao nivel B1 conséguese, falando en estándares europeos, nunhas 250 horas de clase, ou dito doutra maneira, 2 anos, dependendo das circunstancias de cada estudante. É fácil facer a conta do promedio de UUFF que aparecería en cada clase no caso de 100 UUFF. Parece de sentido común afirmar que a progresión que se segue nos manuais que analizamos non se corresponde coa progresión e as esixencias que establece o MCERL, nin tampouco ao que postulan investigadores cunha ampla experiencia docente.

Bildhafte Redewendungen in einer Fremdsprache sollten in erster Linie zum Erwerb einer passiven phraseologischen Kompetenz gelernt werden, wobei

³³ Tradución literal: *augas mansas son profundas*. Equivalente galego: *non te fies das augas mansas; onde vai máis fondo o río, fai menos ruído*.

³⁴ Tradución literal: *auga branda rompe a pedra*. Equivalente galego: *a auga mol en pedra dura, tanto dá, ata que a fura; pinga a pinga, fura a auga a pedra dura*.

³⁵ Dispoñible en [<http://www.zeno.org/Wander-1867>].

für anspruchsvollere Sprachkenntnisse die Beschränkung auf die in den Lernsammlungen übliche Zahl von 1000 Beispiele bei weitem nicht ausreichen dürfte. (Ettinger 2011: 239)³⁶

Canto á análise de coincidencia coa lista de Hallsteindóttir, os datos obtidos son significativos no tocante á discrepancia: dos 143 fraseoloxismos do núcleo do óptimo fraseolóxico, nada máis que 6 aparecen nos tres manuais analizados. A táboa seguinte amosa os datos.

	<i>Berliner Platz</i>	<i>Studio d</i>	<i>Passwort</i>
<i>etwas ins Auge fassen</i> (“tomar algo en consideración”)	x		
<i>Hand in Hand (arbeiten)</i> (“[traballar] man a man”)	x		
<i>in der Luft liegen</i> (“estar no aire”)		x	x
<i>eine/keine (große/kleine) Rolle spielen</i> (“[non] desempeñar un/ningún papel importante”)			
<i>jemanden auf Trab bringen</i> ³⁷ (“meter présa [a alguén]”)	x		
<i>In/sich über Wasser halten</i> (“aboiar/resistir”)			x

Coidamos que os datos son elocuentes. O máis sorprendente para nós é a escasa coincidencia entre a lista do óptimo e a do manual *Berliner Platz*, sobre todo se consideramos o número de UUFF relativamente alto que extraemos deste.

Outro dato a ter en conta é o feito de que tampouco hai coincidencia significativa entre os tres manuais. Á parte da unidade recollida na táboa que aparece en máis dun manual só puidemos atopar dúas UUFF das que non aparecen na lista do óptimo pero que se repiten, aínda así, en dous manuais. A expresión *unter einem Dach*³⁸ atópase en *Berliner Platz* na UF *unter einem Dach leben*³⁹ e en *Passwort Deutsch* en *alles unter einem Dach*⁴⁰. Os mesmos manuais coinciden na UF *einen guten Draht zu jemandem haben*⁴¹ que curiosamente non vén recollida na lista de Hallsteindóttir et al.

A partir destes resultados pódense formular dúas hipóteses. Por unha banda, temos datos moi dispares no tocante ás cantidades que atopamos nos tres manuais, o que nos

³⁶ “As frases feitas con sentido figurado nun idioma estranxeiro deberíanse aprender en primeiro lugar para adquirir unha competencia fraseolóxica pasiva, aínda que para acadar unha competencia superior do idioma, se nos limitamos aos preto de 1.000 exemplos dos repertorios didácticos, resultaría aínda moi insuficiente”.

³⁷ No manual aparece esta UF co verbo *halten*, o que consideramos unha variante formal. Non corresponden exactamente os dous significados, pero máis importante que o verbo co que se combine parecíanos neste caso o feito de que se use *auf Trab*. Tamén existe a expresión *auf Trab sein* e sorprendeunos que non estivesen recollidas estas variantes no óptimo establecido.

³⁸ “Baixo o mesmo teito”.

³⁹ “Vivir baixo o mesmo teito”.

⁴⁰ “Todo baixo o mesmo teito”.

⁴¹ “Simpatizar con alguén”.

leva a pensar que non existen criterios comúns ou, polo menos, semellantes en canto á cantidade e a selección das UUFF para fins didácticos nos materiais de ensino de alemán.

Por outra banda, o feito de que as UUFF que se atoparon nos manuais non coincidan practicamente coas da lista de UUFF propostas para establecer un núcleo fraseolóxico lévanos a preguntarnos se, por un lado, o criterio da selección das UUFF por parte das editoriais é meramente aleatorio. Por outro, se cadra habería que revisar os criterios de selección do óptimo fraseolóxico. Parece un excelente punto de partida para establecer uns estándares en cuestións de fraseodidáctica e por fin unha proposta concreta á pregunta que tanto atormenta os docentes e investigadores en fraseodidáctica: ¿que UUFF e cantas deben aprender, coñecer e usar os meus estudantes? Ante a calibración de todo coñecemento dun idioma polo MERCL, parece unha pregunta lóxica e xustificada. No MERCL, todo coñecemento adquirido se describe, avalía e mide con ferramentas como descritores e listas de palabras e de estruturas. Polo tanto, debería existir tamén no ámbito da fraseoloxía. Aínda así, non debemos esquecer que a riqueza dun idioma está na súa creatividade e na súa variedade. Os fraseoloxismos, sabémolo todos, son unha fonte inesgotable e sinal de variedade e riqueza. ¿Restrinxilos a una lista pechada de unidades non significaría en certo senso *cortar/lles as ás* aos que queren aprender un idioma? Hai case 20 anos e antes da implantación do MERCL, Kühn postula que a aprendizaxe das UUFF sempre ten que producirse dentro de contextos. Puntualiza:

Im Fremdsprachenunterricht hat man inzwischen den eingeschränkten Nutzen der sogenannten systematischen Wortschatzarbeit erkannt. Der Sprachgebrauch ist nicht so logisch, wie uns das die systematischen Übungen weismachen wollen. (Kühn 1996: 13)⁴²

Tamén formula unha serie de consellos para o tratamento das UUFF na clase e recomenda o tratamento destas onde haxa comunicación auténtica, recomenda seguir de maneira consecuente o principio do azar xa que, segundo el, desta maneira prodúcese de xeito natural unha selección e compilación das expresións máis importantes e típicas. (Kühn 1996: 16)

Parécenos que non se debe de perder de vista este criterio aparentemente esquecido e criticado en parte por outros investigadores como consecuencia das últimas tendencias en fraseodidáctica. Sería interesante atopar unha maneira de combinar as dúas posturas. Coidamos que a sistematización das UUFF debería considerarse como directriz, é dicir, como ferramenta orientadora, sen quitarlle ao docente a flexibilidade de elección entre toda a bagaxe fraseolóxica.

5.2 Resultados cualitativos

Os aspectos cualitativos, por cuestións de espazo, unicamente podemos enumeralos. As discrepancias que constatamos entre os manuais verbo do número das UUFF confirmanse tamén no resultado cualitativo. Non se pode falar dunha metodoloxía concreta ou

⁴² “No ensino de linguas estranxeiras vese a utilidade limitada do ensino sistemático de vocabulario. O uso da lingua no é tan lóxico como os exercicios sistemáticos nos queren facer crer”.

específica en ningún dos manuais nin moito menos de liñas comúns. O primeiro que puidemos constatar é o feito de que case non se repiten as UUFF dentro do mesmo manual, e nos poucos casos que isto ocorre é na parte do libro de exercicios, é dicir, na propia lección. O tipo de texto no que aparecen as UUFF varía entre textos xornalísticos, informativos, enquisas, comunicados de prensa, algunhas cancións e tamén extractos literarios. Unha maior variedade de textos atopámoslos en *Studio d*, mentres que a menor estaría en *Passwort Deutsch*. Canto á introdución de exercicios, no caso de *Studio d* atopamos tarefas relacionadas cunhas 17 UUFF en 6 páxinas. O tipo de exercicios nos que aparecen ou que tratan UUFF é bastante variado. Trátase de relacionar significado e UF, recitar un poema cun título que é un refrán, identificar expresións nun texto oral, formular hipóteses verbo do país de orixe das paremias ou relacionar textos e títulos. Mesmo hai un exercicio de transformación gramatical que inclúe un refrán. No caso de *Berliner Platz* localizamos 6 exercicios relacionados con varias UUFF. Aquí os exercicios consisten en construír refráns, relacionar significado e UF, reflexionar sobre refráns no seu propio idioma, buscar UUFF nun texto e relacionalas con definicións e formular hipóteses sobre significados. Canto a *Passwort*, como era de esperar, a cantidade de exercicios é bastante menor que nos demais manuais. Só nas páxinas 14 e 89, que ademais forman parte desta lección, atopámonos con tres tipos de exercicios: intentar explicar refráns, relacionar significados e UUFF e corrixir UUFF que conteñen erros.

Os tres libros inclúen imaxes ocasionalmente nas que se representa case sempre o significado literal, como por exemplo en *Studio d* na páxina 125 o refrán *Hunde, die bellen, beißen nicht*⁴³ ou ben un debuxo relacionado co contido.⁴⁴

Por último queremos destacar que observamos unha tendencia nos tres manuais a unha maior didactización de refráns, xa que hai maior número de exercicios relacionados con este tipo de UUFF que coas locucións.

6. Conclusións

Puidemos observar e destacar varias tendencias canto á cantidade e á calidade das UUFF. Tanto no volume como na selección puidemos observar unha discrepancia importante entre os tres manuais que parece confirmar a afirmación dalgúns investigadores deste campo (Jesenšek 2006, 2010) de que a fraseoloxía se trata insuficientemente e de maneira pouco sistemática. Ademais, a análise de coincidencias coa lista de Hallsteindóttir confirma esta pouca sistematicidade.

Como nota positiva puidemos observar que hai unha tendencia á incorporación da fraseoloxía, aínda que sexa de maneira heteroxénea. En dous dos tres manuais hai un número significativo de UUFF aínda que non se corresponda coa cantidade desexada polos investigadores e aparezan de maneira pouco organizada e esporádica. Interpretamos estes resultados como o principio dunha toma de conciencia que cómpre fomentar por parte de

⁴³ *Can ladrador, pouco mordedor.*

⁴⁴ En *Passwort Deutsch*, a única imaxe aparece na páxina 14, concretamente son debuxos de peixes en relación co refrán *Stille Wasser sind tief.*

todos. Ademais, o aumento de estudos, investigacións e proxectos neste ámbito demostra o interese que esperta esta disciplina, maiormente no ámbito do desenvolvemento de materiais dixitalizados e accesibles na internet, como poden ser dicionarios e outras fontes online, wikis, materiais e plataformas online, que contribúen a poñer esta disciplina na man de todos.

Neste sentido, esperamos poder ampliar o noso estudo no futuro con máis métodos e incluíndo no corpus analizado todo o material complementario dispoñible, tanto impreso coma dixital e online.

7. Bibliografía

7.1. Bibliografía primaria e manuais

- FUNK, Hermann e KUHN, Christina (eds.) (2007): *Studio d B1. Deutsch als Fremdsprache. Kurs- und Übungsbuch mit Zertifikatstraining*. Berlin: Cornelsen Verlag.
(2007): 2 Audio-CD's.
(2008): *Unterrichtsvorbereitung mit Kopiervorlagen und Tests*.
VARIOS AUTORES (2004): *Berliner Platz 3. Deutsch im Alltag für Erwachsene. Zertifikatsband*. Berlin/München: Langenscheidt KG.
(2004): 2 CD's zum Lehrbuchteil
(2004): *Lehrerhandreichungen*
VARIOS AUTORES (2004): *Passwort Deutsch – der Schlüssel zur deutschen Sprache. Kurs- und Übungsbuch 5*. Stuttgart: Ernst Klett Sprachen
(2004): 1 Audio-CD
KÄSTNER, Erich (1994): *Emil und die Detektive*. Hamburg: Cecilie Dressler Verlag.

7.2. Obras de referencia

- BÁRDOSI, Vilmos; ETTINGER, Stefan e STÖLTING, Cécile (2003): *Redewendungen Französisch/Deutsch. Thematisches Wörter – und Übungsbuch*. Tübingen und Basel: A. Francke Verlag.
BERGEROVÁ, Hana (2011): “Zum Lehren und Lernen von Phraseologismen im DaF-Studium. Überlegungen zu Inhalten und Methoden ihrer Vermittlung anhand eines Unterrichtsmodells” en *Linguistik online* 47, 3/1. [http://www.linguistik-online.de/47_11/bergerova.pdf].
BURGER, Harald (1973): *Idiomatik des Deutschen*. Tübingen: Niemeyer.
(ed.) (1998): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt Verlag.
(2007): *Phraseologie. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*. Berlin: de Gruyter
CORPAS PASTOR, Gloria (1995) *Un estudio paralelo de los sistemas fraseológicos del inglés y del español*. Tese doutoral. 1994. Universidad Complutense de Madrid. Málaga: Servicio de Publicaciones de la Universidad. (Edición en microfichas).
(1996): *Manual de Fraseología Española. (Biblioteca Románica Hispánica. Manuales, 76)*. Madrid: Gredos.

- (1998): “Criterios generales de clasificación del universo fraseológico de las lenguas , con ejemplos tomados del español y del inglés” en ALVAR EZQUERRA, Manuel e CORPAS PASTOR, Gloria (coords.) *Diccionarios, Frases, Palabras*. Málaga: Servicio de Publicaciones de la Universidad; 157-187.
- ETTINGER, Stefan (1992): “Techniques d’apprentissage des expressions idiomatiques” en DORION, G.; MEISSNER, Fr.J.; RIESZ, J. e WIELANDT, U. (eds.): *Le français aujourd’hui - une langue à comprendre - französisch heute. Mélanges offerts à Jürgen Olbert*. Frankfurt am Main: Diesterweg; 98-109.
- (1998): “Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik” en EISMANN, W. (ed.): EUROPHRAS 95, *Europäische Phraseologie im Vergleich. Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer; 201-217.
- (2001): “Vom Lehrbuch zum autonomen Lernen. Skizze eines phraseologischen Grundkurses für Französisch” en LORENZ-BOURJOT, M. e LÜGER, H. H. (eds.): *Phraseologie und Phraseodidaktik. Sonderheft 4*; 87-104
- (2007): “Phraseme im Fremdsprachenunterricht” en BURGER, Harald: *Phraseologie. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*. Berlin: de Gruyter; 893-908.
- (2008): “Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008; 95-127.
- (2011): “Einige kritische Fragen zum gegenwärtigen Forschungsstand der Phraseodidaktik” en SCHÄFER, Patrick e SCHOWALTER, Christine (eds.): *In mediam linguam, Mediensprache–Redewendungen–Sprachvermittlung, Festschrift für Heinz-Helmut Lüger*. Landau: Verlag Empirische Pädagogik; 231-250.
- (2012): “Einige phraseodidaktische Überlegungen zur Frequenz, zur Disponibilität und zur Bekanntheit französischer Idiome und Sprichwörter” en *Szavak, frazémák szótárak / Mots, phrasèmes, dictionnaires - Írások Bárdosi Vilmos 60. születésnapjára / Mélanges offerts à Vilmos Bárdosi pour ses 60 ans, Revue d’Études Françaises*, numéro especial. Budapest: ELTE Egyetemközi Francia Központ; 85-104.
- (2013): “Aktiver Phrasemgebrauch und/oder passive Phrasemkenntnisse im Fremdsprachenunterricht. Einige phraseodidaktische Überlegungen” en GONZÁLEZ REY, Isabel (ed./Hrsg.): *Phraseodidactic Studies on German as a Foreign Language. Phraseodidaktische Studien zu Deutsch als Fremdsprache. (Schriftenreihe Lingua. Fremdsprachenunterricht in Forschung und Praxis, 22)*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač; 11-30.
- FLEISCHER, Wolfgang (1997): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- GONZÁLEZ REY, I. (2004): “A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004; 113-130.

- (2006): “A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia para as linguas” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006; 123-145.
- (2007): *La didactique du français idiomatique*. Fernelmont: E.M.E.
- HALLSTEINDOTTÍR, Erla; ŠAJÁNKOVÁ, Monika e QUAETHOFF, Uwe (2006): “Phraseologisches Optimum für Deutsch als Fremdsprache. Ein Vorschlag auf der Basis von Frequenz- und Geläufigkeitsuntersuchungen” en *Linguistik online* 27, 2/06 [http://www.linguistik-online.de/27_06/hallsteinsdottir_et_al.html].
- HALLSTEINDOTTÍR, Erla (2001): *Das Verstehen idiomatischer Phraseologismen in der Fremdsprache Deutsch*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač
- (2011): “Aktuelle Forschungsfragen der deutschsprachigen Phraseodidaktik” en *Linguistik online* 47, 3/2011 [http://www.linguistik-online.de/47_11/hallsteinsdottir.html].
- HESSKY, Regina; ETTINGER, Stefan (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Günter Narr Verlag [<http://www.ettinger-phraseologie.de>].
- JASBEK, Saša; ENČEVA, Milka (2011): “Aktuelle Lehrwerke für den DaF-Unterricht unter dem Aspekt der Phraseodidaktik” en *PORTA LINGUARUM* 17; 153-172 [http://www.ugr.es/~portalin/articulos/PL_numero17/9%20SASA.pdf].
- JESENŠEK, Vida (2006): “Phraseologie und Fremdsprachenlernen. Zur Problematik einer angemessenen phraseodidaktischen Umsetzung” en *Linguistik online* 27, 2/06 [http://www.linguistik-online.de/27_06/jerensek.pdf].
- KÜHN, Peter (1987): “Deutsch als Fremdsprache im phraseodidaktischen Dornröschenschlaf. Vorschläge für eine Neukonzeption phraseodidaktischer Hilfsmittel” en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 16; 62-79.
- (1992): “Phraseodidaktik. Entwicklungen, Probleme und Überlegungen für den Muttersprachenunterricht und den Unterricht Daf” en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21; 169-189.
- (1993): “Aus dem Bilderbuch der deutschen Sprache. Die verkürzte Betrachtung der Phrasaseologismen in Sprachbüchern – Bestandsaufnahme und Perspektiven” en *Der Deutschunterricht* 6; 58-77.
- (1996) “Redewendungen – nur im Kontext!” en *Fremdsprache Deutsch Heft* 15; 10-16.
- (2007) “Phraseologie des Deutschen: Zur Forschungsgeschichte” en BURGER, Harald et al.: *Phraseologie. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*. Berlin: de Gruyter.
- LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2001): *Fraseología contrastiva del alemán y del español. Teoría y práctica a partir de un corpus bilingüe*. (Colección *Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation*, Volume 4). Frankfurt am Main: Verlag Peter Lang.
- (2008): “Theorie zum Begriff “Kollokation” und kontrastive Methodologie” en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

- LORENZ-BOURJOT, M. e LÜGER, H. H. (eds.) (2001): *Phraseologie und Phraseodidaktik*. Wien: Edition Praesens.
- LÜGER, Heinz-Helmut (1997): “Anregungen zur Phraseodidaktik” en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung* 32; 69-120.
- (2004): “Idiomatische Kompetenz – ein realistisches Lernziel? Thesen zur Phraseodidaktik” en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung*, Sonderheft 7; 121-169.
- MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán*. (Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation. Band 13) Frankfurt am Main: Peter Lang.
- MENA MARTÍNEZ, Florentina Micaela (2002): *La desautomatización de las proverbs inglesas por sustitución: un estudio cognitivo*. Directores: Rafael Monroy Casas; Gloria Corpas Pastor. Tese Doutoral. Departamento de Filología Inglesa. Universidad de Murcia.
- ROOS, Eckhard (2001): *Idiom und Idiomatik. Ein sprachliches Phänomen im Licht der Kognitiven Linguistik und Gestalttheorie*. Aachen: Shaker Verlag GmbH.
- ULLMANN, Katja; AMPIÉ LORÍA, Carlos (2009): *Das A und O, Deutsche Redewendungen*. Stuttgart: Ernst Klett Sprachen
- ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las unidades fijas. (Studia Romanica et lingüística, 10)*, Frankfurt am Main: Verlag Peter D. Lang.

7.3. Referencias electrónicas

- Marco Común Europeo de Referencia de la Lenguas (MCERL) [http://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/cvc_mer.pdf]. [Data de consulta: 29.3.2013]
- Zeno.org [<http://www.zeno.org/Wander-1867>] [Data de consulta: 14.5.2013]
- Refranero Multilingüe [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>] [Data de consulta: 15.3.2013]
- Phraseologie und Phraseodidaktik [<http://www.ettinger-phraseologie.de/>] [Data de consulta: 14.5.2013]
- Multimedialní pomůcka k výuce německé frazeologie [<http://frazeeologie.ujepurkyne.com/>] [Data de consulta: 14.5.2013]
- SprichWort-Plattform [<http://www.sprichwort-plattform.org>] [Data de consulta: 14.5.2013].

7.4 Bibliografía secundaria

- KÄSTNER, Erich (1994): *Emil und die Detektive*. Hamburg: Cecilie Dressler Verlag.